


ESTUDOS ENERXÉTICOS - RESUMO

Durante o primeiro semestre do ano 2011 realizáronse auditorías e diagnoses enerxéticas a 107 edificios públicos, de diferentes usos: sanitario; administrativo; educativo, social e deportivo, co obxecto de analizar o consumo de enerxía dos centros e propoñer medidas de mellora da eficiencia enerxética das instalacións e da xestión da enerxía que poidan ser extrapolables ao resto dos centros públicos de características semellantes. Tamén se pretende con estes estudos analizar a posibilidade de implantar sistemas de produción de enerxía baseados no aproveitamento de recursos renovables e instalacións de coxeración.


Edificios estudados por usos




A superficie total dos centros analizados ascende a 1.200.000 m² dos cales máis do 60% corresponde aos centros sanitarios. Nesta fase analizáronse os grandes complexos hospitalarios.

O consumo total dos edificios estudados ascende a 310.359 MWh/ano, correspondendo o maior consumo de enerxía aos centros sanitarios, seguido dos centros administrativos.

Distribución do consumo enerxético dos edificios estudados




O consumo de enerxía destes edificios por unidade de superficie varía en función dos usos, sendo os centros sanitarios os que presentan un maior valor desta rateo, obtendo valores medios de consumo enerxético de 350 kWh por cada m², sendo os centros deportivos os que presentan un menor valor, chegando aos 85 kWh por m².



Por fontes enerxéticas, o consumo de electricidade representa o 47,7% do total, mentres que o consumo en combustibles representan o 21,9% no caso de gasóleo C, o 29,8% no caso do gas natural e o 0,6% no caso de propano, do total de enerxía.

O gasto total en enerxía dos edificios estudados ascende a 24,8 M€, dos cales o 72% corresponde a enerxía eléctrica, o 14% a gasóleo e o 14% a gas natural, e o 1% a propano.

Por outra banda, o gasto de enerxía por unidade de superficie, varía substancialmente dependendo do uso, sendo novamente os centros sanitarios (27 €/m²) os que presentan maior valor nesta rateo.



Os estudos realizados para estes edificios indican que o potencial de aforro enerxético que se pode acadar ascende aos 68.000 MWh/ano o que permitiría evitar a emisión de máis de 20.800 toneladas de CO₂ a atmosfera, supoñendo ademáis un aforro do gasto enerxético destes centros no primeiro ano de máis de 6,5 M€. Estes aforros económicos estarán condicionados á normativa enerxética e os posibles cambios polas recentes modificacións normativas do réxime especial.